

A Xunta de Goberno Local en sesión de data do 7 de maio de 2009, adoptou o seguinte acordo:

**ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE "ACTUACIÓNS NA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE DARBO.**

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra de "**Actuacións na rede de saneamento na parroquia Darbo**" á empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L. co CIF nº B36024933, e domicilio en Leirado - Salvaterra de Miño (CP 36457) de Pontevedra, polo importe total de 338.653,31 euros, cunha mellora sen custe adicional valorada en 50.797,94 euros, un prazo de execución de tres meses, e unha aportación de man de obra de doce traballadores, sendo dez deles do cadro de persoal da empresa e dous de nova contratación.

**Segundo.-** Outorgar un prazo de 4 días hábiles para a sinatura do contrato.

**Terceiro.-** Notificar o acordo que se adopte ao adxudicatario e demais licitadores, á Intervención Municipal e a directora de obra, así como dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.